

MEMORIA PRADARÍAS MARIÑAS

ÍNDICE

I POR QUÉ DIXEMOS SI AO PROXECTO.....	
II OBXECTIVOS.....	
III TRABALLO DESENVOLVIDO.....	
IV AXUDA EXTERNA.....	
V GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.....	
VI CONCLUSIÓNS.....	
VII LIGAZÓNS.....	

Cando tivemos coñecemento do proxecto do CEIDA @s titor@s do 5º e 6º curso, pensamos que sería positivo embarcarnos nel por dous motivos fundamentais e ben distintos entre si:

- a) Desenvolver unha actividade fóra do centro, que nun curso en plena pandemia, supoñía un balón de osíxeno tanto para o alumnado como para o profesorado.
- b) Coñecer algo máis da praia de referencia no barrio e facer partícipe ao alumnado da súa pertenza a unha comunidade.

Con estas premisas dixemos si ao proxecto e comezamos a andaina por el cunhas expectativas modestas que se viron ampliadas a medida que o proxecto avanzaba e o alumnado se implicaba nel.

Os docentes responsables, tiñamos un certo medo a que o proxecto fora demasiado técnico e iso supuxera unha desmotivación para o alumnado e rematara como outras veces nun desencanto xeral que aboca nun pouco aproveitamento dos recursos, pero lonxe diso, o proxecto foi medrando en interese e aproveitamento.

A ilusión creada no alumnado non decaeu en momento algún, lonxe diso, superáronse tódalas expectativas e concluímos que malia as “peregrinas” razóns para subírmonos ao carro do CEIDA, a decisión fora acertada.

II

Logo da primeira visita dos técnicos do CEIDA á escola, comezamos a pensar en modificar as expectativas que se tiñan sobre o proxecto e establecemos novos obxectivos cara o proxecto:

- Consolidar a aplicación do método científico co alumnado
- Estudar a fondo a contorna do centro
- Crear conciencia de pertenza a un grupo

→ Valorar o propio

→ Recoñecer o valor ecolóxico do que temos preto

Con estes obxectivos modificados, comezamos a mergullarnos no proxecto acompañad@s pola tremenda ilusión do alumnado e o apoio incondicional dos técnicos do CEIDA

III

Unha vez establecidas as bases da investigación e explicado o proxecto na aula, comezamos o traballo de campo visitando a praia da man dos investigadores do CEIDA.

A primeira visita guiada serviu para que o alumnado coñecese *in situ* a pradaría mariña existente e comezase a investigación sobre as zosteras (plantas ou algas?) os tipos (mariña e noltii) as características de cada unha, e os beneficios que supoñen para a zona intermareal na que están; para isto, o alumnado contou coas explicacións dos investigadores e co caderno de traballo que se lles proporcionou.

Xa o primeiro día se obtiveron conclusións importantes. A observación foi moi proveitosa xa que descubriron postas de ovos, fauna mariña diversa e comezaron a modificar a percepción que tiñan do espazo.

Nunha segunda visita sen o CEIDA, iniciouse a investigación da contorna (nome da praia, antecedentes, usos, contorna...)

Fíxose un traballo de campo cos veciños da zona: enquisas sobre a praia o seu valor natural, ecolóxico, de lecer...

Esta enquisa foi trasladada de xeito telemático ás familias do centro.


As conclusións das enquisas resultaron moi interesantes, xa que o alumnado descubriu que pouca xente coñecía o valor e mesmo a existencia dunha pradaría mariña.

Nesta segunda visita, aproveitamos para dar liberdade creativa ao alumnado que debuxou a praia e a contorna dende distintos puntos de vista (estes debuxos foron empregados nas cartelas que se imprimiron máis tarde).



Logo desta visita e da enquisa, conclúíuse a necesidade de dar a coñecer á veciñanza o “tesouro” que se atopa na praia e axudar a poñelo en valor; para iso deseñouse unha sorte de campaña publicitaria progresiva coa intención de espertar a curiosidade polo “tesouro” da praia na veciñanza. Colocáronse cartelas no barrio incitando a descubrir o devandito “tesouro”

A derradeira cartela, descubría á veciñanza a existencia da pradaría mariña e a súa importancia.



Nunha terceira visita á praia, esta vez da man dos investigadores do CEIDA, o alumnado observou as diferenzas e cambios na pradaría dende a anterior visita (outono) e a actual (primaveira)

Mesmo tiveron a sorte de descubrir as zosteras en flor.

Convencidos xa da importancia do que tiñan na praia, o alumnado, comezou a preparar uns carteiros explicativos (con códigos QR) para colocar na contorna e dar, así, información ao barrio sobre a súa praia, a contorna e a pradaría mariña. Nestes códigos QR ían incluídas tamén informacións e curiosidades sobre o barrio, o mar e a súa igrexa.



O último xa, foi preparar unha conferencia, que se desenvolveu en Oleiros, na que o alumnado (xunto co de outros centros) expuxo o seu traballo e as súas conclusións sobre o mesmo.

IV

Polo que atinxe á axuda para desenvolver este proxecto, temos un pequeno cravo no corazón (como diría Rosalía) pola desatención do Concello ao respecto do noso traballo. Todo foron boas palabras, pero aínda hoxe seguimos a esperar unha resposta para poder culminar o traballo colocando a lona explicativa na praia (témola no muro exterior da escola)

A única axuda externa coa que contamos foi a do CEIDA, que nos facilitou as ferramentas necesarias e mesmo nos concedeu unha axuda económica.

Debemos salientar aquí, que a falta de implicación do Concello supuxo un enorme desencanto na rapazada.

Mágoa que a gravación que a TVG tiña previsto facer do traballo non se puidera levar a cabo por mor da situación pandémica.

V

No que atinxe ao traballo de investigación, os obxectivos foron conseguidos con creces: o alumnado desenvolveu e afianzou o método científico; tomou conciencia da importancia do seu traballo e chegou a sentirse parte dunha comunidade que ten a sorte de gozar de algo importante (unha pradaría mariña).

O único punto negro nesta consecución de obxectivos, foi que chegaron a dubidar da importancia do que teñen, dado o escaso interese demostrado polo Concello.

VI

As conclusións ás que chegamos, logo de todo este proceso, non poden ser mellores:

- ✓ Cando o alumnado está motivado, o traballo faise doado
- ✓ Unha investigación fóra do centro non supón atranco algún no desenvolvemento do currículo: COMPLEMENTAO
- ✓ Para crear conciencia da necesidade de conservar o medio, non hai como un traballo deste estilo
- ✓ Este tipo de proxecto axuda a fomentar espírito científico no alumnado e posiblemente descubra vocacións.

Por todo isto, gustaríanos seguir a colaborar co CEIDA en vindeiros proxectos.